

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números **G1** e **G12**, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale a opción correcta: "Está tan fraco que mete medo; é todo pel e □□□□\_\_\_\_\_."

- A) osos
- B) ósos
- C) hosos
- D) hósos

2. Marque a parella correcta: "Onte \_\_\_\_\_ Mario e contounos todo o que \_\_\_\_\_ en Oriente Medio."

- A) viu / veu
- B) veu / viu
- C) viño / vou
- D) vén / vio

3. Das catro oracións que se propoñen, só unha é correcta. Sináleala:

- A) O rapaz está mal da gorxa; ten tose e proído. Imos facerlle un recoñecemento.
- B) O rapaz está mal do gorxo; ten tose e proído. Imos facerlle un recoñecemento.
- C) O rapaz está mal da gargaleira; ten tos e proído. Ímoslle facerlle un recoñecemento.
- D) O rapas está mal do gargallo; ten tos e proído. Imos lle facer un reconocemento.

4. Das catro oracións que se propoñen, só unha é correcta. Sináleala:

- A) A mae asustouse porque o ninho tiña vinchocas, pero só era unha dermatite do pañal.
- B) A nae se asustou porque o nené tiña bozas, pero só era unha dermatite do coleiro.
- C) A nai asustouse porque o neno tiña bochas, pero só era unha dermatite do cueiro.
- D) A mai se asustou porque o nene tiña ampolas, pero só era unha dermatite do panal.

5. Sinale cal das catro series é a única correcta:

- A) cirúrgico, grumo, geral, sarabelo
- B) quirúrgico, grolo, geral, sarampión
- C) quirúrxico, grelo, xeneral, sarambelo
- D) cirúrxico, gromo, xeral, sarampelo

6. Sinale cal das catro series é a única correcta:

- A) a paisaxe, a mel, a cárcere, a suor.
- B) a paisaxe, o mel, o cárcere, a suor.
- C) o paisaxe, a mel, a cárcere, o suor.
- D) o paisaxe, o mel, o cárcere, o suor.

7. Sinale a opción correcta: "Caeulle unha pedra enriba do pé e esmagoulle \_\_\_\_\_ e máis \_\_\_\_\_."

- A) o empeine/un dedo
- B) o copete/una deda
- C) a empeina/um dedo
- D) a empeña/unha deda

8. Sinale a opción correcta: "É un bebé moi feitiño; olla que \_\_\_\_\_ tan rubias!"

- A) mexelas
- B) facianas
- C) fazulas
- D) meixelas

9. Das catro oracións que se propoñen, só unha é correcta. Sinálea:

- A) Certo que ten moitos esbirros e pingadeira no nariz, mais non é gripe, é un simple friaxe.
- B) Certo que ten moitos espichos e lle pinga a nariz, mais non é gripe, é un simple refriado.
- C) Certo que ten moitos espirros e pínгалle o nariz, mais non é gripe, é un simple arrefriado.
- D) Certo que ten moitos espidos e pínгалle a nariz, mais non é gripe, é un simple constipado.

10. Indique o plural correcto desta serie de palabras: "marroquí, lapis, folgazán, ril, animal"

- A) marroquinos, lápices, folgazás, ríes, animais
- B) marroquíes, lapises, folgazanes, ríis, animás
- C) marroquís, lapis, folgazáns, riles, animais
- D) marroquines, lapeis, folgazais, ris, animáns

#### Preguntas de reserva

1. Indique a serie conxugada correctamente:

- A) eu fixen, ti falaches, el/ela coubo, nós demos, vós viñestes, eles/elas souberon
- B) eu fixe, ti falaste, el/ela cabeu, nós dimos, vós viñéchedes, eles/elas souperon
- C) eu faceu, ti falastes, el/ela cupo, nós damos, vós viñichis, eles/elas suberon
- D) eu facín, ti falache, el/ela cabiu, nós deumos, vós viñeches, eles/elas saberon

2. Das catro oracións que se propoñen, só unha é correcta. Sinálea:

- A) Sempre que ía ao pediatra, trousaba todo e deixaba a consulta feita unha porcallada.
- B) Sempre que iba o pediatra, golfaba todo e dellaba a consulta feita unha porquería.
- C) Sempre que vai ó pediatra, vomitaba todo e deixou a consulta feita unha porcallana.
- D) Sempre que foi ao pediatra, devolve todo e deixa a consulta feita unha porcada.